

# CONTIDOS FILOSOFÍA 1º BACH. CURSO 2012/2013

## TEMA 2 (PARTES II e III) + TEMA 3 (PARTE I)



### TEMA 2: O SER HUMANO. Persoa e sociedade II

- 2.2. O PROBLEMA DA IDENTIDADE PERSOAL
- 2.2.1. A PERSONALIDADE. PERSOA E PERSONALIDADE
- 2.2.2. CONSCIENTE/INCONSCIENTE. A PRIMEIRA IDENTIDADE
- 2.2.3. A TEORÍA PSICANALÍTICA DE FREUD
- 2.2.3.1. A INTERPRETACIÓN DOS SOÑOS
- 2.2.4. PERSOA E SEXUALIDADE
- 2.2.5. O FEITO PSÍQUICO NORMAL E ANORMAL
- 2.2.6. A APRENDIZAXE: Tª CONDUCTISTA E Tª COGNITIVA.  
(APRENDIZAXE SIMPLE E INSTRUMENTAL: EXEMPLIFICACIÓNS)
- 2.2.7. AS TEORÍAS HUMANISTAS

### TEMA 2: O SER HUMANO. Persoa e sociedade III

- 2.3. O TRABALLO
- 2.4. A TÉCNICA, A TECNOLOXÍA
- 2.5. A ESTÉTICA:
  - A CREACIÓN ARTÍSTICA; AVALIACIÓN E REFLEXIÓN SOBRE OBRAS DE ARTE...

### TEMA 3: FILOSOFÍA MORAL E POLÍTICA I.

- 3.1. A LIBERDADE E OS DETERMINISMOS
- 3.2. A SOCIALIZACIÓN
- 3.3. SOCIALIZACIÓN PRIMARIA E SECUNDARIA
- 3.4. AXENTES DE SOCIALIZACIÓN
- 3.5. A CULTURA: ETNOCENTRISMO, RELATIVISMO CULTURAL...
- 3.6.- A GLOBALIZACIÓN



## TEMA 2: O SER HUMANO. Persoa e sociedade II

### 2.2.- O PROBLEMA DA IDENTIDADE PERSOAL.-



#### 2.2.1.- A PERSONALIDADE. PERSOA E PERSONALIDADE.-

O tema da personalidade é complexo e polémico dentro da psicoloxía. Certas correntes consideran a personalidade un tema central mentres que para outras é un tema inútil xa que consideran a cada individuo como un ser único e non pode ser encorsetado nun marco xeral.

No estudio da personalidade pode dicirse que nos interesa aprender a mellor maneira de describir qué tipo de persoa somos, cómo chegamos a selo, que é o que nos mantén así, qué podería facernos cambiar, así tamén cómo podemos utilizar todo isto para poder explicar por qué me comporto de tal xeito e predicir como actuarei no futuro.

Os seres humanos somos psicólogos da personalidade dende que se desenvolveu a conciencia e o sentido do eu. Na nosa vida diaria observamos as outras persoas, formulamos ideas respecto as súas características e as súas razóns para comportarse como o fan, facemos predicións sobre a súa conduta, e en función disto, axeitamos a nosa.

Houbo moitos intentos de sistematizar estas ideas sobre as persoas dende tempos remotos, ás veces baixo formas de relixións ou baixo códigos de conduta sociais; tamén historicamente os filósofos se ocuparon da natureza humana, pero foi a finais do século XIX cando aparece a **PSICOLOXÍA** como ciencia e empeza a estudar a personalidade.

Persoa é **unidade**, ou sexa, é a unidade de todos os caracteres individuais que nos diferencian dos animais e dos outros. Son os nosos actos, pensamentos, sentimentos; pero tamén as experiencias cos demais, e sobre todo a **cultura**. A personalidade configúrase na convivencia. Nacemos nunha determinada cultura e nun ambiente concreto, que van conformando o noso modo de ser, a nosa forma de pensar e actuar, construindo os valores en sociedade. Así, vaise formando o **CARÁCTER**. **O carácter é o que adquirimos**; é dinámico porque pode cambiar, adaptándose incluso as esixencias sociais. Ter bo ou mal carácter é sempre relativo ao que os demais esperan de nós. Ao contrario, o **TEMPERAMENTO é innato**, forma parte do contido da información xenética. Este tamén contribúe na formación da nosa personalidade.

Os xenes, o que **herdamos**, actúan dentro dun ambiente específico propio de cada persoa e das súas circunstancias; é imposible separar estes dous factores. Non podemos concibir a personalidade como produto exclusivo da herdanza ("**ERRO BIOLOXISTA**") ou como resultado do ambiente ("**ERRO AMBIENTALISTA**"). Todos e cada un dos riscos do individuo dependen de ambos os dous factores.

A idea de persoa non foi a mesma ao longo do tempo.

Ao longo da historia houbo moitas maneiras de clasificar e entender a personalidade. Actualmente, as teorías psicolóxicas sobre a personalidade tratan de explicar a súa formación, o seu desenvolvemento e a posibilidade de modificar algún dos seus riscos. Cada teoría ten un método ou técnica clínica propio para diagnosticar e tratar os trastornos mentais baseado na propia teoría. Reciben o nome de **PSICOTERAPIAS**.

As teorías da personalidade máis importantes son: O CONDUCTISMO, A PSICANÁLISE, AS TEORÍAS HUMANISTAS E O COGNITIVISMO.

### 2.2.2.- **CONSCIENTE/INCONSCIENTE. A PRIMEIRA IDENTIDADE.-**



**CONCIENCIA** etimoloxicamente significa "con coñecemento". A posibilidade de acceder directamente aos nosos estados mentais significa que temos deles un coñecemento inmediato e directo, que é o que chamamos **conciencia**.

O método polo cal unha persoa observa os seus estados de conciencia e os describe chámase **INTROSPECCIÓN**.

Hai quen cre que os animais teñen algún nivel de conciencia pois en ocasións decátanse coma nós do que os rodea; pero a **CONCIENCIA INTROSPECTIVA OU AUTOCONCIENCIA é propiamente humana**. Por autoconciencia enténdese o coñecemento da propia existencia.

Así, preguntamos sobre a **morte** ou sobre o **sentido da vida** é característico da nosa autoconciencia.

Conciencia pode definirse tamén por oposición a inconsciente, entendendo así un "estar esperto", alerta, vixilante. Pero inconsciente pode ter outro significado: segundo Freud, a meirande parte da nosa actividade psíquica é inconsciente, sendo tamén a máis importante porque inflúe na nosa conduta consciente.

Distingue ademais entre **preconsciente**, que son contidos esquecidos, están en estado latente pero son facilmente recuperables pola memoria (por exemplo, cando dicimos que o temos na punta da lingua), e o **inconsciente**, que é inaccesible á conciencia por seren dolorosos ou perigosos para o individuo, pero actúa sobre a nosa conciencia manifestándose nos soños, nas neuroses e nos **LAPSUS**.

**Lapsus ou erro** é unha confusión involuntaria, equivocación cometida por descoido aparente. Segundo a psicanálise, é causada por unha interferencia do inconsciente nos procesos mentais da fala ou da escritura; por exemplo, un señor que foi ao enterro dun home ao que odiaba e en lugar de darlle o pésame á familia deulle a "enhoraboa".

Por isto Freud sinala: "*Moitas veces é máis importante o que dis que o que queres dicir*".

En relación co tema da conciencia cabería preguntarse algo máis: Que é o que permite que nos recoñezamos a nós mesmos ao longo do tempo? Que é o que dá unidade á nosa identidade persoal?

Algúns reducen esa identidade persoal á **memoria**. A memoria así, daría unidade aos nosos actos, recoñecéndonos como executores desas accións ao longo do tempo.

A identidade é o conxunto de características que diferencian o carácter dunha persoa ou dun grupo.

Tan pronto como nacemos comeza a socialización no xénero, que vai consolidar en cada persoa a súa identidade de xénero. Hai dúas teorías principais sobre o desenvolvemento da identidade de xénero son as de **Sigmund Freud** e **Nancy Chodorow**.

Para Freud, a **presenza ou ausencia de pene**, símbolos, respectivamente, da masculinidade e da feminidade, son cruciais para a identificación do neno co pai e da nena coa nai.

Chodorow dálle a volta a Freud: sostén que é a masculinidade e non a feminidade, e defínea como unha perda: a ruptura da estreita unión coa nai.

Deste xeito, a **maternidade** ten consecuencias opostas na formación do "eu" dos nenos e das nenas, xa que as nenas tenden a identificarse coa nai e así non desenvolven unhas fronteiras firmes do "eu", por iso se manteñen próximas aos procesos de relación, mentres que os nenos experimentan a nai como o "outro" e son impulsados á diferenciación e á acción. Isto explica os casos de **inexpresividade masculina**: dificultade que atopan os homes para expresar os seus sentimentos.

### 2.2.3.- A TEORÍA PSICANALÍTICA DE FREUD.- (Apuntamentos na clase)



#### 2.2.3.1.- A INTERPRETACIÓN DOS SOÑOS.- (Apuntamentos na clase)



#### 2.2.4.- PERSOA E SEXUALIDADE.-

A personalidade fórmase principalmente durante os cinco primeiros anos de vida, evoluciona en resposta ás fortes tensións que atopa, e está relacionada coas pulsións, sobre todo coa sexualidade.

**Freud** lanza unha **teoría sobre a sexualidade completamente revolucionaria** xa que amplía en gran medida o concepto que se tiña sobre ela: **NON COMEZA NA PREADOLESCENCIA, SENÓN NO MOMENTO DO NACEMENTO E CADA ETAPA DE DESENVOLVEMENTO ESTÁ RELACIONADA CUNHA DAS ZONAS ERÓXENAS DO CORPO. OUTRA DAS IDEAS INNOVADORAS DE FREUD, E BASTANTE ESCANDALOSA, É QUE A SEXUALIDADE DESTA FORMA NON ESTÁ RELACIONADA EXCLUSIVAMENTE COA REPRODUCCION SENÓN CO PRACER, CO AUTOEROTISMO.**

A importancia da sexualidade radica en que as súas **perturbacións** nas distintas etapas, son unha das causas da enfermidade mental. Así é fundamental que a criatura

realice cada etapa con normalidade. Se isto non ocorre, maniféstanse na idade adulta distintos complexos ou fixacións non superadas que darían lugar a **neuroses**.

Existen CINCO FASES DE DESENVOLVEMENTO SEXUAL PARA A PSICANÁLISE:

**Fase oral:** Nesta fase a fonte principal do pracer sitúase na boca. O recém nacido sente pracer en chupar, comer ou morder.

**Fase anal:** Sitúase no segundo ou terceiro ano de vida, que é cando o pai e a nai exercen presión sobre a criatura para que controle os esfínteres.

Polo tanto, nesta fase a libido localízase no ano e sente pracer ao defecar.

**Fase fálica:** esta etapa sitúase entre os tres e cinco anos. Céntrase o pracer nos xenitais e é particularmente importante, xa que nela se orixina o **complexo de edipo e de electra**. Este complexo consiste nos desexos incestuosos cara aos proxenitores do sexo oposto e a hostilidade cara aos do mesmo sexo.

[[O neno teme ao pai e produce sentimentos agresivos cara a el. Ten medo de que o pai ciumento o despoxe dos seus órganos xenitais (¡!!). O neno reprime o desexo cara á nai e a súa hostilidade cara ao pai, producíndose pouco a pouco a identificación co pai e o cambio de desexo cara á nai por afecto inocente. Na nena o proceso é similar. Experimenta unha decepción ao descubrir que non ten pene (envexa do pene) (bastante machista, non???) e culpabiliza a nai deste feito. Transfire o seu amor ao pai, que posúe o órgano tan valioso para ela. A superación desta etapa posibilita a identificación co mesmo sexo, adoptando as características que se consideran propias, e xorde así o desenvolvemento da conciencia moral.]]

**Período de latencia:** xorde a partir dos cinco anos e caracterízase pola ausencia de actividade sexual. O neno e a nena introdúcense na sociedade e fórmase o superego.

**Fase xenital:** aparece na preadolescencia e o obxecto de desexo sexual xa non é un mesmo ou unha mesma, xa que se canaliza socialmente cara a individuos do outro sexo. Con isto entramos xa na madurez sexual.



### DEFINICIÓN DE SEXUALIDADE E ERROS OU REDUCCIONS HISTÓRICAS QUE SE COMETERON COA DEFINICIÓN.-



Actualmente **podemos definir a sexualidade como o conxunto de actividades dirixidas, conscientemente ou non, á busca de comunicación, afectividade e pracer, así como á procreación e ás formas de evitala.**

Ao longo do tempo a definición de sexualidade sufriu una serie de reducións ou erros históricos, dos que podemos destacar os seguintes:

1.- **Sexualidade = procreación**. Non resiste a máis mínima análise científica ou social. (Cada vez que realizas o acto sexual non tes por qué pensar en conseguir ter un fillo/a. A non ser que pertenzas á Igrexa Católica. Vós mesmos/as. Sería pecado mortal).

2.- **Sexualidade = matrimonio**. (Estamos no mesmo, é a relación prematrimoniais. Prohibidas baixo pecado mortal pola Igrexa Católica!!)

3.- **Sexualidade = pecado, impuro, sucio**.

4.- **Sexualidade = coito**. O coito é só un dos posibles actos sexuais, non é o único nin o mellor.


5.- **Sexualidade = xenitalidade**. Non se pode esquecer o corpo ou reduci-lo aos xenitais. Podemos falar da pel como o órgano sexual e do cerebro como harmonizador do pracer.

6.- **Sexualidade = persoas adultas / idade**. A capacidade de sentir está en nos dende que nacemos ata que morremos. A nosa sexualidade evoluciona ao longo de toda a nosa vida.

7.- **Sexualidade = heterosexualidade**. Se a procreación xa non é o obxectivo, isto evidencia un posicionamento moral totalmente desfasado. Non podemos aceptar a imposición da heterosexualidade como unha norma única e universal e negar a masturbación, a homosexualidade, a sexualidade na vellez, na infancia, nas persoas discapacitadas, etc.

8.- **Sexualidade = consecución do orgasmo**. Isto converteuse nunha meta imprescindible e moitas veces leva a tratar á persoa coma unha máquina. Non ten que ser imprescindible, cómpre desmitificalo e **rexear o bombardeo do consumismo erótico que ofrece una sexualidade atlética, mecánica e compulsiva na procura de relación máis abertas e enriquecedoras.**

#### **2.2.5.- O FEITO PSÍQUICO NORMAL E ANORMAL (Apuntamentos na clase).**



#### **2.2.6.- A APRENDIZAXE: Tª CONDUCTISTA E Tª COGNITIVA (APRENDIZAXE SIMPLE E INSTRUMENTAL:EXEMPLIFICACIÓNS).**

##### **TEORÍA CONDUCTISTA DA PERSONALIDADE**

**Watson** (1878-1958) foi o fundador do **condutismo** pero non o máis coñecido. Despois del moitos outros desenvolveron a súa teoría, pero o máximo representante foi **SKINNER**.

O condutismo pretende facer da psicoloxía unha ciencia exactamente igual que a física ou a química. Ao contrario que a psicanálise, o condutismo adoptou o punto de vista das ciencias experimentais para estudar o comportamento humano. Así ten que eliminar todo aquilo que non sexa observable e medible, por iso descarta termos como

*conciencia, introspección*, e en xeral todo o que teña un carácter intimista, eliminando así todo risco de subxectividade.

É necesario sinalar que o condutismo non se preocupa por descubrir riscos característicos da personalidade, nin de elaborar unha teoría sobre ela. O obxecto da psicoloxía é a conduta, xa que esta pode ser **observada, medida** e incluso **reproducida nun laboratorio**. Para este enfoque, a personalidade é totalmente aprendida, cada risco da personalidade é un hábito inculcado a través de premios ou castigos (reforzos positivos ou negativos), aprendemos a ser dunha maneira ou doutra segundo nos recompensen ou nos censuren o noso proceder.

Polo tanto, o condutismo baséase na idea de que a conduta pode ser modificada. O control da conduta acádase modificando o ambiente para obter as respostas que se desexen.


O esquema básico de actuación dos condutistas é **E  $\Rightarrow$  R (estímulo-resposta)**. Observando como se responde a determinados estímulos podemos predicir a conduta. O ser humano non é máis ca iso, respostas a determinados estímulos.

Se a psicanálise busca as causas que están na orixe da enfermidade, o **condutismo unicamente busca a eliminación dos síntomas**; a psicanálise interpreta o pasado, o condutismo describe o presente e prognostica o futuro. É evidente que as diferenzas son substanciais. Prognosticar o futuro non é suficiente para os condutistas, é necesario CONTROLAR a conduta MANIPULANDO as condicións que inflúen no comportamento, e esas condicións atópanse no ambiente.

### APRENDIZAXE SIMPLE E INSTRUMENTAL: EXEMPLIFICACIÓNS.-

Entre os psicólogos desta tendencia destacan **IVAN PAVLOV** e **B. F. SKINNER** polos seus **experimentos**.

Pavlov  $\Rightarrow$  (APRENDIZAXE SIMPLE OU CONDICIONAMENTO CLÁSICO) empregou un can nos seus experimentos. Feitos na chamada “torre do silencio” Despois de mantelo un tempo sen comer, poñíalle ante os ollos unha cantidade de comida, un momento despois de facer soar un timbre. Acto seguido, os experimentadores observaban a reacción do animal: comezaba a segregara saliva e xugos gástricos. Despois de repetir este proceso unhas cantas veces, puideron observar que o animal reaccionaba ao escoitar o timbre, é dicir, antes de ver a comida. Ivan Pavlov interpretou estes feitos afirmando que o can despois deste proceso estaba **condicionado**, isto é, que o seu organismo **substituíra a conexión comida-xugos gástricos pola de timbre-xugos gástricos**. Dalgunha maneira o can **APRENDERÁ** que tras o timbre viña a comida. Pavlov pretendeu que este tipo de condicionamentos era unha base suficiente para construír unha teoría da aprendizaxe humana (**Aprendizaxe simple**).



O esquema do experimento sería o seguinte, tendo en conta que:

E.I. = ESTÍMULO INCONDICIONADO

E.N. = ESTÍMULO NEUTRO

E.C. = ESTÍMULO CONDICIONADO

R.I. = RESPOSTA INCONDICIONADA

R.N. = RESPOSTA NEUTRA

R.C. = RESPOSTA CONDICIONADA

Estímulos	Conexións	Respostas
Un alimento (carne)	provoca <b>innatamente</b>	unha salivación incondicionada +
<b>E.I.</b>	(por nacemento)	xugos gástricos <b>R.I.</b>
Un son (timbre)	provoca <b>innatamente</b>	audición
<b>E.N.</b>	(por nacemento)	<b>R.N.</b>
Un son (timbre)	provoca <b>POR APRENDIZAXE</b>	unha salivación condicionada +
<b>E.C.</b>		xugos gástricos <b>R.C.</b>

Skinner ➔ (**APRENDIZAXE INSTRUMENTAL OU CONDICIONAMENTO OPERANTE**) Mentres os animais de Pavlov están atados, B.F. Skinner matinou na maneira en que a propia actividade do animal formara parte do experimento. Por exemplo, unha rata pechada nunha caixa, onde hai unha panquiña que ao tocala deixa caer un anaco de queixo, queda quieta ata que a fame fai que se mova para buscar comida. Nunha desas tocas a panca por casualidade e cae un anaco de queixo. A rata tranquilízase ata que de novo sente fame. En pouco tempo a rata aprenderá a tocar a panca cando teña fame. Daquela temos a rata **condicionada**. É importante observar que a diferenza do experimento de Pavlov, aquí o condicionamento da rata depende da conexión entre a actividade do animal e a resposta que recibe. Neste caso a resposta é un **reforzo positivo** (anaco de queixo), é dicir, axuda a manter esa conduta. Un **reforzo negativo** axuda a evitar unha resposta. Por iso a este tipo de condicionamento se lle chama **operante** ou **instrumental**.





O esquema do experimento sería o seguinte, tendo en conta que:

E.I. = ESTÍMULO INCONDICIONADO

E.N. = ESTÍMULO NEUTRO

E.C. = ESTÍMULO CONDICIONADO


R.I. = RESPOSTA INCONDICIONADA

R.N. = RESPOSTA NEUTRA

R.C. = RESPOSTA CONDICIONADA

<b>Estímulos</b>	<b>Conexións</b>	<b>Respostas</b>
Un alimento (queixo)	provoca <b>innatamente</b>	unha salivación incondicionada + xugos gástricos <b>R.I.</b>
<b>E.I.</b>	(por nacemento)	
Un alimento (queixo)	provoca <b>innatamente</b>	moveirse nerviosamente e tocar a panca por casualidade.
<b>E.N.</b>	(por nacemento)	<b>R.N.</b>
Un alimento (queixo)	provoca POR APRENDIZAXE	tocar a panca a propósito para conseguir o alimento.
<b>E.C.</b>		<b>R.C.</b>

Por último citar as **terapias de aversión**, realizadas por exemplo nas famosas “box” (caixas) de Skinner. (🐭).



## CRÍTICA Á TEORÍA CONDUCTISTA.- (Importante para “La naranja mecánica”)



O condutismo lévanos a posturas **deterministas**, negadoras da liberdade. Un condutista pensa que ante os mesmos estímulos daremos as mesmas respostas. Non todos os condutistas foron tan radicais, pero o **determinismo** está sempre no fondo da teoría.

A pesar da eficacia, en moitos casos, da terapia condutista, foi moi criticada, sobre todo por tres cuestións específicas:

- A) Non ten en conta as causas dun comportamento determinado, preocupándose só por cambialo. Ignora a influencia que poden ter no comportamento factores como os desexos, os motivos, as emocións, etc.
- B) Non critica a actitude da sociedade que coacciona e rexeita algunhas condutas. O fin é só a integración do suxeito na sociedade.
- C) O estado podería utilizar estas medidas contra a vontade dos individuos (non digamos xa dos animais!!!).



## TEORÍA COGNITIVA DA PERSONALIDADE

A psicoloxía científica propón ver o cerebro como un **ordenador**, pois os procesos psicolóxicos poderían ser vistos como **procesos de intercambio de información** entre o individuo e o medio físico ou social.

A alternativa máis consistente ao condutismo provén da psicoloxía constructivista ou cognitiva. Esta escola propuxo modelos sobre a aprendizaxe baseados nas teorías sobre o **procesamento da información**, dándolle un peso determinante ao papel da **memoria** e o razoamento dentro dos procesos conductuais.

A psicoloxía cognitiva inspírase na obra de PIAGET, (importantísimo no estudio do desenvolvemento da intelixencia e a linguaxe nos nenos/as) que destaca a mutua influencia entre a mente e o medio externo.

VYGOTSKI amplía a teoría do desenvolvemento psicolóxico de Piaget sinalando a incidencia de factores sociais.

A esta escola pódese criticar o escaso valor que dan ás emocións e aos sentimentos no conxunto xeral da súa teoría.

## 2.2.7.- AS TEORÍAS HUMANISTAS.-

As **teorías humanistas** parten dunha **oposición ao condutismo e á psicanálise** e céntranse na idea da **AUTORREALIZACIÓN**. **ROGERS** desenvolveu este enfoque e sostén que a personalidade é o resultado dun proceso de realización que fai o propio suxeito. Este proceso pode ser condicionado pola presión social que pode forzar á persoa a adaptarse a intereses alleos aos seus desexos para compracer aos demais (familia, escola, amizades...), pois **existe unha necesidade de sermos estimados positivamente polos demais**, que se concreta na **necesidade de amor, de aceptación e de aprobación**. Estes conflitos psíquicos son o resultado do choque entre o **EU OCULTO e o EU IMPOSTO**, por iso para acadar a autorrealización cómpre potenciar un **EU AUTÉNTICO** que se desenvolva en liberdade e que se guíe polos propios intereses e expectativas.

Trátase da exploración dun mesmo/a e do desenvolvemento do potencial de realización persoal que temos, para acadar un maior benestar físico e psíquico, respondendo así a unha demanda clara da **sociedade tensa e angustiada en que vivimos**. Este tipo de necesidade é sentida por moitas persoas pero **poucas se atreven a manifestala libremente**.

A psicoloxía humanista inspira moitas actividades coma o psicodrama (🎭), a sensibilización, a bioenerxía, etc.

A toma de conciencia non é unha operación intelectual e solitaria, senón que propoñen implicar o corpo, os xestos, os sentimentos e as imaxes que os demais captan dun.

**MASLOW** estudou a **motivación ou as necesidades humanas**, e sinala que hai unha tendencia innata cara ao desenvolvemento persoal. Xerarquizou as motivacións en seis niveis estruturados nun triángulo (ou pirámide): na base están as necesidades fisiolóxicas de supervivencia, seguidas da seguridade, o amor, a estima, as necesidades morais e estéticas, e no cumio, a **autorrealización persoal**, que consiste en realizar as potencialidades de cada ser humano. Mentres non estea satisfeito un determinado nivel, o inmediatamente superior non se sente nin valora como necesario. **As persoas que non acadan o nivel superior estarán insatisfeitas e desequilibradas**.




A noción de evolución persoal desenvolvida por Maslow está baseada na idea de que cada individuo evoluciona e estrutura a súa personalidade durante toda a súa vida e atopa "**o seu camiño**" cando harmoniza as tendencias que intentan gobernalas. Por iso é importante descubrilas, recoñecelas sen negalas, tratando de comprender por que non se

realizan suficientemente. **En todas/os hai facultades mal empregadas, sufrimos emocións que non expresamos, padecemos bloqueos, inhibicións, insatisfaccións... limitacións serias no noso gozo, nas nosas relacións, pero todos levamos dentro a nosa curación, temos que axudala a fluír.**


⌘⌘⌘⌘⌘⌘⌘⌘⌘⌘⌘⌘⌘⌘⌘⌘⌘⌘⌘⌘⌘⌘⌘⌘⌘⌘⌘⌘⌘⌘⌘⌘⌘⌘⌘⌘⌘⌘⌘⌘⌘⌘⌘⌘⌘⌘⌘⌘⌘⌘⌘⌘⌘⌘⌘⌘⌘⌘

## TEMA 2: O SER HUMANO. Persoa e sociedade III

### 2.3.- O TRABALLO.-



## 2.4.- A TÉCNICA, A TECNOLOXÍA.-



## 2.5.- A ESTÉTICA.-



### A actitude estética

Entre as distintas maneiras de experimentar as cousas, unha delas é experimentálas ou contemplálas esteticamente. A CONTEMPLACIÓN ESTÉTICA CONSISTE NO GOCE DE ALGO FERMOZO, COMO PODE SER A VISIÓN DUN CADRO, A LECTURA DUN POEMA OU A AUDICIÓN DUNHA PEZA MUSICAL.

A diferenza da actitude práctica, na que só interesa o obxecto pola súa utilidade, na actitude estética hai un percibir polo mero pracer de percibir, sen ningunha outra intención que o goce que a percepción do obxecto produce. O obxecto estético gózase a través da vista, o oído e a imaxinación. O goce estético gradúase en función da sensibilidade do contemplador e de se o obxecto é bonito, fermoso ou sublime.

A actitude estética distínguese tamén da actitude cognoscitiva (coñecemento de técnicas artísticas), a pesar de que se pode educar o gusto estético, axudando a percibir mellor e gozar máis a beleza do obxecto.

### O valor estético

Atribuímos valor estético a un obxecto cando o consideramos fermoso. **PERO, ¿QUE É A BELEZA? ¿EN QUE NOS BASEAMOS PARA ATRIBUÍR ESTE VALOR A UN OBXECTO?**

#### a) POSTURA SUBXECTIVISTA

A postura subxectivista sostén que algo é fermoso se lle agrada ao observador, polo que os xuízos estéticos («este cadro é fermoso») serían só afirmacións do gusto ou preferencias persoais («este cadro agrádame»). Para esta postura, a beleza sería algo subxectivo, o que explicaría as diferenzas estéticas ou de gusto entre distintas persoas, épocas históricas e culturas.

Sen embargo, ao subxectivismo estético se lle pode formular a obxección de que obras de escasa calidade estética poden agradar (unha “mala” canción) e obras con calidade estética poden desagradar (unha “boa” película de terror). Ademais, o subxectivismo daría validez ao desacordo estético entre diferentes observadores (sería certo o xuízo «este cadro é fermoso» porque lle agrada a A, e sería certo o xuízo «este cadro non é fermoso» porque lle desagradar a B).

Para superar estas obxeccións, OS SUBXECTIVISTAS AMPLÍAN O CRITERIO, ESTABLECENDO QUE ALGO É FERMOZO SE LLE AGRADA BEN Á MAIORÍA DA XENTE, BEN OS EXPERTOS. Este dobre criterio tampouco satisfai plenamente, PORQUE SIGNIFICARÍA OUTORGARLLE VALOR ESTÉTICO A ALGUNHAS OBRAS POLO MERO FEITO DE TER UNHA GRANDE ACOLLIDA ENTRE O PÚBLICO (UNHA TELENOVELA) E NEGÁRILLELO A

## OUTRAS POR SER MINORITARIAS (A POESÍA), E PORQUE A CRÍTICA SE PODE EQUIVOCAR ao VALORAR A OBRA DUN ARTISTA.

### **b) POSTURA OBXECTIVISTA**

A postura obxectivista sostén, a diferenza da anterior, que a beleza é unha propiedade ou conxunto de propiedades inherentes ao obxecto. O pracer que experimenta o observador ao percibir o obxecto é unha consecuencia da beleza do obxecto, non a beleza mesma.

Ao tratar de determinar estas propiedades, algúns redúcenas a unha soa, a beleza, que é captada intuitivamente polo observador mediante un sentido especial. Esta postura impediría, non obstante, resolver os desacordos entre persoas con intuicións contrarias.

Outros autores propoñen cánones ou normas, que permitirían fundamentar obxectivamente o valor estético dun obxecto e que serían criterios para validar un xuízo estético. Estes cánones poden ser específicos dun medio artístico determinado (a pintura, a escultura, a danza) ou de certos xéneros dentro dun mesmo medio (a comedia, a traxedia); e poden ser xerais ou aplicables a tódolos obxectos estéticos, sexan do tipo que sexan, como a unidade, a complexidade e a intensidade.

### **C) POSTURA KANTIANA**

A concepción da beleza ofrecida por Immanuel Kant (1724-1784) pretende ser unha síntese e superación do subxectivismo e do obxectivismo. Fronte os subxectivistas, DISTINGUE KANT ENTRE O AGRADABLE E O BELO. O agradable fai referencia ao pracer sensible e é persoal. O belo provoca universalmente un pracer desinteresado (satisfai porque si). Hai, segundo Kant, no xuízo estético unha pretensión de universalidade, obxectividade e necesidade da que carece o xuízo acerca do agradable.

Fronte os obxectivistas, rexeita Kant que poidamos ter algún concepto do belo. A diferenza das propiedades físicas do obxecto, que podemos definir mediante conceptos, a beleza é algo indefinible e indemostrable (é un non sei qué). A beleza é unha propiedade formal (non material) dos obxectos. Fai referencia non ao contido ou materia da representación do obxecto, senón á maneira ou forma cómo o entendemento e a imaxinación son afectadas, sen a mediación de conceptos, pola representación do obxecto. Hai, segundo Kant, nestas facultades (comúns a tódolos seres humanos) unha disposición a reaccionar estética e sentimentalmente ante certos obxectos.

### **A obra de arte**



NUN SENTIDO XERAL, É ARTE TODO OBXECTO PRODUCIDO POLO HOME (UN OBXECTO NATURAL PODE SER UN OBXECTO ESTÉTICO, PERO NON É UNHA OBRA DE ARTE). NUN SENTIDO RESTRINXIDO, ESTE TERMO RESÉRVASE PARA AS BELAS ARTES (MÚSICA, DANZA, PINTURA, ESCULTURA, ARQUITECTURA, LITERATURA E CINE) FRONTE AS ARTES ÚTILES.



A CARACTERÍSTICA PRINCIPAL DUNHA OBRA DE ARTE É QUE POSÚE UNHA FUNCIÓN ESTÉTICA (FOI CREADA PARA SER CONTEMPLADA ESTETICAMENTE). POLO CONTRARIO, OS OBXECTOS DAS ARTES ÚTILES (UN VESTIDO) SON ELABORADOS PARA CUMPRIR UNHA FUNCIÓN PRÁCTICA, AÍNDA QUE POIDAN AGRADAR ESTETICAMENTE.

**O produtor das artes útiles é o ARTESÁN, mentres que o das belas artes é o ARTISTA.** No artesán domina a técnica ou habilidade adquirida pola experiencia, no artista hai ademais unhas facultades innatas (o xenio). Sen técnica non hai arte, PERO A TÉCNICA SOA NON BASTA PARA PRODUCIR A ARTE.

Unha obra de arte pode ofrecer valores sensoriais (o brillo do xade, o azul do mar), valores formais (organización e unidade interna) e valores vitais (melancolía, piedade).

### Teorías da arte

¿Cal é a natureza e función esencial da arte? As respostas a estas preguntas teñen sido varias.

#### a) TEORÍA FORMALISTA

Consideran os formalistas que a forma ou estrutura da obra é o único criterio para Valorala esteticamente. Os formalistas só admiten os valores do medio (na pintura son os cores, as liñas, e as súas combinacións en planos e superficies), excluindo tódolos demais. Un cadro non é esteticamente valioso porque represente algo do mundo real ou porque conmova. Pode facelo sen que a obra resulte prexudicada, pero isto é esteticamente irrelevante. A resposta propia as propiedades formais da obra de arte é a emoción estética, que nada ten que ver coas emocións vitais, como a ledicia ou a tristeza.

#### b) A ARTE COMO EXPRESIÓN DE SENTIMENTOS

Admiten os partidarios desta postura que a forma é un valor estético importante, pero non que sexa exclusivo. A través da forma, a arte pode ofrecer outros valores. **Á PARTE DE ESTAR FORMALMENTE BEN CONSTRUÍDA, UNHA OBRA DE ARTE DEBE EXPRESAR SENTIMENTOS HUMANOS.** Nesta postura destácase o proceso psicolóxico de creación da obra de arte por parte do artista. O que lle estimula a crear é a presenza de sentimentos inexpresables, xeradores de angustia e desacougo. A obra culmina coa expresión de tales sentimentos. Deste xeito o artista séntese liberado. Aristóteles (384-322 a.C.) denominou este proceso psicolóxico **«catarse»** («A través da piedade e o medo -escribiu Aristóteles- realízase a purgación propia destas emocións»).

Dentro desta postura tamén se ten en conta o que sente o contemplador, os sentimentos que a obra provoca neste.

#### c) A ARTE COMO REPRESENTACIÓN

Considera esta postura que o valor dunha obra de arte radica en representar ou imitar obxectos do mundo exterior (a arte imita a natureza). Esta concepción da arte introduce un criterio obxectivo de valoración artística, en canto que UNHA OBRA DE ARTE SERÍA DE MELLOR CALIDADE CANTO MELLOR IMITASE ao MODELO.

Non obstante, **existen artes, coma a música, cun valor representativo que é moi discutible,** e non tódalas pinturas son representativas. Por outra banda, **a concepción representativa da arte propón o problema de que se descoñecemos o modelo**

**carecemos de criterio para valorar a obra; e incluso se a copia é máis bela que o modelo teríamos que negarlle valor artístico posto que non o imita correctamente.**

d) A ARTE COMO SÍMBOLO


PARA ESTA POSTURA, A OBRA DE ARTE, MÁIS QUE EXPRESAR SENTIMENTOS, É UN SÍMBOLO DOS SENTIMENTOS, COMO SE PON DE MANIFESTO NA MÚSICA, COS QUE GARDA CERTA RELACIÓN.

### Arte e moral

Algunhas obras de arte expresan valores morais ou pode ser considerado inmoral o tema que desenvolve . **As principais posturas acerca da relación entre a arte e a moral son o moralismo e o esteticismo.**


• O moralismo considera que a arte está subordinada á moral.A ARTE É UN INSTRUMENTO ÚTIL E DESEXABLE PARA PROMOVER VALORES MORAIS POSITIVOS, E CENSURABLE EN CASO CONTRARIO.

• O esteticismo considera que a arte é superior á moral. A EXPERIENCIA ESTÉTICA, COMO EXPERIENCIA HUMANA SUPREMA, XUSTIFICA TODO, INCLUSO A INMORALIDADE.



## TEMA 3: FILOSOFÍA MORAL E POLÍTICA

### 3.1.- A LIBERDADE E OS DETERMINISMOS.-



A partir destas imaxes reflexiona, analiza e desenvolve o teu punto de vista sobre os seguintes apartados: Somos absolutamente libres (indeterminismo)? Estamos totalmente “obrigados” a ser quen e como somos, polo tanto, non somos libres (determinismo)? É todo un azar (ou sempre haberá nalgún momento cousas ao chou), é dicir, a vida é como unha “ruleta”, unha “tirada de dados”? Ou está todo “controlado”, é dicir, somos “marionetas”, “máquinas físico-químicas”? Vivimos nunha “farsa virtual” de aparente liberdade? Que me dis da liberdade de expresión? Témola? Por completo? Deberíamos poñerlle límites? Cales? “A educación dá liberdade, a ignorancia quítaa”. Estás de acordo? Temos a obriga de arriscarnos (“a liberdade é un risco”) a ser libres? Pase o que pase?

O problema da liberdade é un dos problemas máis controvertidos na historia da filosofía e do pensamento.

¿É libre a vontade humana? ¿Cando se considera ó ser humano libre e cando non? Inicialmente, a liberdade aparécesenos na súa fórmula máis simple e primaria: considerámonos libres cando "podemos facer o que queremos".

Se nos quedamos nesta visión tan superficial, non poderemos chegar a entender a verdadeira vivencia da liberdade.

Teremos que fixar polo tanto o **sentido do termo LIBERDADE**.

Este termo pode ter as seguintes significacións:

Significados termo "liberdade":

**---LIBERDADE DE FACER:**

- Liberdade física: non estar atado, no cárcere...
- Liberdade civil: exercer dereitos civís (escravos...)
- Liberdade política: tomar parte no goberno...
- Liberdade de pensamento: prensa, cátedra, expresión...
- Liberdade relixiosa.
- Liberdade de culto.

**---LIBERDADE DE QUERER OU LIBERDADE DE VONTADE = LIBRE ALBEDRÍO**

A liberdade de facer implica a ausencia de calquera coacción exterior.

A liberdade de querer implica a ausencia de determinación interna. Esta liberdade de vontade refírese á fase ou momento da decisión dentro do acto voluntario.

A pregunta é : **¿Decidimos libremente?**, é dicir, ¿é libre a vontade nas súas decisións?.

Historicamente, déronse dúas respostas a esta pregunta:

A) A VONTADE **NON É LIBRE** NAS SÚAS DECISIONS (DETERMINISMO)

B) A VONTADE **É LIBRE** NAS SÚAS DECISIONS (INDETERMINISMO)

## A) O DETERMINISMO.

O determinismo establece que hai unhas causas, en xeral descoñecidas, que obrigan á vontade a decidir nun sentido fixo e ineludible.

Segundo sexa a natureza destas causas, xorden as diferentes clases de determinismo, que se poden resumir en:

- DETERMINISMO FÍSICO: KANT, LAPLACE
- DETERMINISMO BIOLÓXICO: LOMBROSO, HUXLEY, PAVLOV
- DETERMINISMO SOCIAL: DURKHEIM, LEVY-BRUHL, HAUSS
- DETERMINISMO EDUCACIONAL: SKINNER
- DETERMINISMO TEOLÓXICO:
  - baseado no fatum: GREGOS E ROMANOS
  - baseado na existencia de Deus: MAHOMETANOS E CALVINISTAS
- DETERMINISMO PSICOLÓXICO: SCHOPENHAUER, LEIBNIZ.

### ***DETERMINISMO FÍSICO***

O ser humano é un ser máis entre os innumerables seres da Natureza. Todos estes seres están suxeitos a leis físicas inexorables, e o ser humano tamén.

Basease este determinismo en dous argumentos:

a) A universalidade do principio de causalidade ("Todo efecto ten unha causa"), que exclúe calquera excepción. O libre albedrío sería unha excepción a este principio xa que a decisión libre da vontade non tería causa previa. Di Kant: *"Os principios determinantes de cada unha das nosas accións residen no que pertence ao pasado, no que xa non está no noso poder, e por iso, se puideramos coñecer tódolos factores que interveñen na decisión da vontade, e, por tanto, na conduta de cada home, esta conduta poderíase predicir con tanta certeza como a dun eclipse de lúa ou de sol."*

b) O principio da conservación da enerxía ("non se crea nin se destrúe, só se transforma"). Como sinalan MAYER e HELM-HOLTZ, o acto libre sería unha creación de enerxía, e iso iría en contra do principio.

- Posible obxección ao determinismo físico: As leis físicas non son as únicas aplicables ao ser humano. Tentar explicar toda a actividade humana mediante leis físicas é algo imposible.

## ***DETERMINISMO BIOLÓXICO***

O ser humano é un conxunto de reaccións bioquímicas, fundamentalmente producidas no sistema nervioso e no aparato endocrino. Estas reaccións prodúcense non dun xeito libre, senón de forma necesaria, e dan lugar a unha ESTRUCTURA SOMÁTICA e a un TEMPERAMENTO, que son os determinantes da nosa conduta.

Esquema:

CÓDIGO XENÉTICO



SISTEMAS NERVIOSO E ENDOCRINO



ESTRUCTURA SOMÁTICA E TEMPERAMENTO



ACTO HUMANO

Autores importantes deste determinismo foron LOMBROSO, que falaba do "criminal nato", JULIAN HUXLEY ou o mesmo PAVLOV.

- Posible obxección ao determinismo biolóxico: A estrutura somática e mais o temperamento inflúen, e fan que teñamos unha PROPENSIÓN A. Pero PROPENSIÓN A ≠ NECESARIAMENTE. Ou sexa:

**CONDICIONAR ≠ OBRIGAR**

## ***DETERMINISMO SOCIAL***

O factor determinante da conduta humana, o que obriga á vontade na súa decisión é o SOCIAL, O MEDIO SOCIAL no que vive o ser humano. A característica principal do fenómeno social é a **COACCIÓN, A PRESIÓN SOCIAL**.

O grupo social é o que dá as normas de conduta, valores, etc. Soamente se nota a presión ao ir en contra. Mentres, vivimos coa ILUSIÓN de ser nós quen establecemos voluntariamente as normas.

DURKHEIM afirmaba: "*O individuo recibe da sociedade o seu mundo mental. O individuo é unha materia informe que recibe a súa forma e estrutura do medio social. O ser humano é unha marioneta manexada polo contorno social, así se explican condutas diferentes ante a mesma situación en diversas épocas.*"

- A posible obxección que se lle pode facer ao determinismo social é a mesma que lle faciamos ao biolóxico: **CONDICIONAR ≠ OBRIGAR**.

## ***DETERMINISMO EDUCACIONAL***

Variante do determinismo social, debida a SKINNER. Para Skinner non existe a liberdade. Esta é só unha palabra que usamos cando non sabemos cales son as causas que determinan a nosa conduta.

Todo acto humano está determinado pola educación recibida dende a infancia. Esta educación foi e é mala, e Skinner quere melloralala, dirixindo a nosa conduta dende a infancia co chamado "**REFORZO POSITIVO**". O que el busca é que o home non obre ben libremente, senón por reforzos positivos, do mesmo xeito que a rata ou o gato apertan a panca pola comida.

Estas ideas aparecen en varios dos seus libros como Máis alá da liberdade e da dignidade e Walden 2. Neste último di:

*"Se está nas nosas mans crear calquera situación que sexa agradable a unha persoa, ou eliminar calquera situación que lle desagrade, podemos controlar a súa conduta. Se queremos que unha persoa se comporte dunha forma determinada, chegaranos con crear unha situación que lle agrade, ou eliminar unha situación que lle desagrade. Como resultado, aumentará a probabilidade de que se comporte da mesma forma no futuro. E isto é precisamente o que queremos. Tecnicamente chámase "reforzo positivo".*

## ***DETERMINISMO TEOLÓXICO***

A vontade humana está determinada na súa decisión por unha forza superior, un poder de natureza divina.

Atopámonos con dúas variantes fundamentais:

a) ANÁNKE grega ou FATUM romano.- Falan dunha **forza impersonal, superior ao poder dos deuses**. Fronte a esta forza o ser humano está indefenso. Aparece o concepto de **FATALIDADE, DESTINO IMPLACABLE**, como se reflicte na traxedia grega "Edipo rei".

b) A EXISTENCIA DE DEUS. Un deus que ten unha intelixencia que coñece o futuro (e o pasado e o presente = omnisciente) e unha vontade superior á humana.

Polo tanto, os acontecementos estarían fixados dende a eternidade de Deus. Non ten sentido o acto libre, xa que deus dende a eternidade coñece a decisión da vontade do ser humano, e este Deus non se pode equivocar. (Kismet mahometano, predestinación calvinista e certas visións do catolicismo)

Problema: Harmonizar a presenza divina e a liberdade da vontade humana.

## ***DETERMINISMO PSICOLÓXICO***

A vontade está determinada polo motivo ou conxunto de motivos máis fortes.

O gran defensor deste determinismo é SCHOPENHAUER.

Para el **a nosa vontade é igual a unha balanza**. Na fase de deliberación a balanza ten dous pratos, nos que se van colocando pesas en ambos. A balanza "oscila", é dicir, delibera, pero ao final vai cara ao peso máis grande. Do mesmo xeito, a nosa vontade tamén se verá obrigada polo peso máis grande. Na vontade a forza ou peso dos motivos non se pode coñecer con precisión na maioría dos casos, polo que a nosa conduta semella imprevisible, pero non porque a vontade sexa libre, senón debido á nosa ignorancia do peso dos motivos. (Ex: Banco e San Francisco de Asís)

### **B) O INDETERMINISMO.**-

É unha teoría filosófica defensora de que a vontade ao decidir, faino libremente.

Para os indeterministas a conduta humana é imprevisible, posto que non hai ningún factor que a determine.

Os seus principais argumentos son:

a) **O testemuño da conciencia psicolóxica**.- Todos temos un coñecemento inmediato, unha intuición de que somos libres, de que decidimos facer A, pero poderíamos ter feito B.

Esta propia conciencia psicolóxica de cada un é a mellor proba da liberdade da vontade.

DESCARTES di: "*Somos tan conscientes da liberdade que hai en nós, que non hai nada que comprendamos tan evidente e perfectamente*".

Filósofos existencialistas teñen unha postura parecida, como JASPERS, e en certo sentido SARTRE: "*Eu estou condenado a existir para sempre máis alá da miña esencia, máis alá das causas e dos motivos dos meus actos; estou condenado a ser libre. Isto significa que non se poden atopar outros límites da miña liberdade que a miña liberdade mesma; ou se se prefire que non somos libres de deixar de ser libres*" (O ser e a nada).

Obxección: LEIBNIZ dicía referíndose a DESCARTES que o ser humano non se dá plena conta das causas e motivos dos seus actos, das razóns que inflúen sobre a súa vontade. "*Que a conciencia da liberdade sexa universal tampouco é algo concluínte, posto que houbo conciencias universais de erros (inmobilidade da Terra, etc.)*".




b) **Argumento baseado na orde moral.**- Se non existira a liberdade, non existiría a orde moral. Se o ser humano non é libre, non pode haber deber, nin responsabilidade, nin mérito, nin demérito, nin castigo.

Defende este argumento KANT na súa obra Crítica da Razón Práctica, pero el mesmo recoñece que non é unha verdadeira demostración da liberdade da vontade, posto que o argumento perde toda a súa forza se se nega a existencia da orde moral.

Os defensores deste argumento afirman que as persoas inmorais, criminais, etc., non poderían ser castigados e sen embargo si que se castigan. Os detractores do argumento sinalan que castigamos a esas persoas, pero non porque sexan libres e responsables, senón como medida de seguridade, xa que danan á sociedade, do mesmo xeito que metemos aos leóns en gaiolas, non porque a vontade sexa libre, senón polo perigo que supoñen para nós.

c) **O argumento social.**- A actividade social realízase de forma que implica a liberdade da vontade. ¿Que sentido terían senón as leis, os consellos, as ameazas...?

Fronte a isto, os deterministas psicolóxicos (Balanza) pensan que o castigo establecido pola lei actúa como un motivo máis a influír na determinación da vontade, co que ten sentido dictar leis aínda que o ser humano non sexa libre.

d) **O argumento metafísico.**- Baseado na mesma natureza da vontade. A vontade, por natureza, ten por obxecto o ben coñecido polo entendemento. Ante o BEN UNIVERSAL, absoluto, a vontade non é libre para quere-lo ou non o querer. Necesariamente ten que quere-lo (Benaventurados  teñen que querer necesariamente a Deus).

Hai outros bens particulares, parciais e limitados ante os que a vontade non queda obrigada a quere-los. Esta limitación é a raíz da liberdade. E só se pode dar a través da nosa razón subxectiva. A Razón é a raíz da liberdade. Ser racional = Ser Libre. Canto máis racional, máis libre.

=====☉=====

# SOCIALIZACIÓN

## 3.2.- A SOCIALIZACIÓN.-



O animal humano é un ser social por natureza. A imaxe que podamos ter de nós mesmos é un reflexo do que consideren as outras persoas, que funcionan para min **coma un espello**.

**A TEORÍA DO EU-ESPELLO DE CHARLES COOLEY.**- O proceso de socialización é tan profundo no individuo que **o propio eu é unha interiorización da imaxe que teñen as outras persoas de min**. Temos conciencia de nós mesmos ao vérmonos reflectidos nos demais. A persoa tende a identificarse co que os demais pensan dela.

A **socialización** é o proceso polo cal a criatura indefensa que se é ao nacer se vai convertendo gradualmente nunha persoa consciente de si mesma, con coñecementos e destra nas manifestacións da cultura en que naceu. Esta aprendizaxe cultural aínda que é máis intensa na infancia, continúa durante todo o ciclo vital.

A socialización ou **endoculturación** (así se denomina na antropoloxía) prodúcese fisicamente (xestos, formas de estar, de comer...) afectiva ou sentimentalmente (sentimos e desexamos en gran parte por efecto da acción potenciadora ou represora da nosa cultura) e tamén intelectualmente ou psiquicamente (os esquemas mentais e a nosa maneira de percibir o mundo tamén son froito da cultura). Isto comprende a totalidade da **aprendizaxe humana**.

Neste proceso interveñen moitas persoas e grupos humanos que se denominan **AXENTES DE SOCIALIZACIÓN**, que van dende a familia e as amizades ata a escola e os diferentes grupos de asociación.

Cando ingresamos na sociedade irnos asimilando e **interiorizando** os costumes do grupo, ata o punto de facelos nosos, e nisto consiste o proceso de socialización.

Os grupos aos que pertencemos proporcionánnos unha identidade e un

sentimento de pertenza, o que constitúe a **identidade colectiva** (home, muller, cristián, atea, galego, ecoloxista, celtarra, anarquista, médica, etc.)

### 3.3.- SOCIALIZACIÓN PRIMARIA E SECUNDARIA.-



A **socialización primaria** ten como obxectivo introducir ao suxeito na sociedade e lévase a cabo durante a **infancia**, xeralmente na **familia**, aínda que agora as **garderías** e a **escola** primaria tamén cumpren un papel fundamental.

Nesta etapa a criatura aprende os roles, as actitudes e os valores das persoas coas que convive (nai, pai, irmáns, avós, educadores, etc.). Aprende a entender e aceptar o que fan e pasa a identificarse con eles. A socialización primaria é un proceso de coñecemento que ten unha considerable **carga afectiva**, que inflúe moito na aprendizaxe e na construción do noso mundo e da nosa identidade.



A **socialización secundaria** pretende a adaptación do individuo xa socializado a novos sectores da súa sociedade. Ten lugar **despois da infancia**, fundamentalmente na **escola (secundaria)** e no **traballo**. Agora tamén desempeñan un papel principal **os medios de comunicación** e as **institucións políticas** e **relixiosas**. Este proceso **é máis libre** (teoricamente), xa que a persoa **elixe o grupo** ou sector en que quere introducirse e asumir as súas regras.

### 3.4.- AXENTES DE SOCIALIZACIÓN.-

**OS AXENTES DE SOCIALIZACIÓN: A FAMILIA, O GRUPO DE PARES, A ESCOLA, OS MEDIOS DE COMUNICACIÓN DE MASAS, ETC.**



Na función socializadora hai grupos que teñen grande peso como a **familia e as amizades (grupo de pares)**. O lento desenvolvemento do ser humano fai que necesite coidados especiais durante unha longa infancia. Estes coidados xeralmente son facilitados pola **familia**. Concretamente na familia é onde discorren os primeiros anos de vida que é a etapa máis receptiva. É nesta etapa onde se adquire a linguaxe e toda a armazón cultural de coñecementos, valores e actitudes.

Co **grupo de pares** establécense relacións de igualdade e de carácter voluntario e espontáneo. O individuo intégrase no grupo aceptando as normas e identificándose co papel que lle asignan; despois compórtase do xeito que os demais esperan del.



A **familia** cumpre unhas funcións básicas fundamentais para a sociedade por iso é un feito universal. A función principal é a **reproducción** (ter criaturas), pero a reprodución non é só **biolóxica** senón tamén **social**. Esta é a función que se realiza a través da socialización ou aprendizaxe. Deste xeito **transfórmase unha criatura egocéntrica e ignorante nun ser social e útil, ensinándolle costumes, normas, obrigacións, dereitos, formas de relación, de subsistencia e de supervivencia.**

Na familia consolídanse as funcións psicolóxicas como son **as necesidades sexuais entre o home e a muller, o afecto e a seguridade entre os seus membros.**

Actualmente non podemos esquecer os **cambios veloces** e os fenómenos que se están a dar en torno á organización familiar como son: **os avances en anticoncepción e a caída da natalidade, a aceptación da actividade sexual prematrimonial, a incorporación das mulleres ao mundo laboral, o incremento da taxa de divorcio, o descenso da nupcialidade, os fogares monoparentais, a cohabitación (viviren xuntos sen casar), as parellas homosexuais, etc.** Tamén **"A CARA OCULTA"** da familia se pon de manifesto nos **abusos sexuais** e na **violencia doméstica** que tan a miúdo se produce dentro dela. Agora, o matrimonio xa non é imprescindible para que

exista unha experiencia sexual regular e tampouco é a base da actividade económica. Pero a pesar de todas estas presións **a familia e o matrimonio seguen a ser institucións moi arraigadas.**

A **escola** é outro axente de socialización na medida en que favorece o proceso iniciado pola familia. Supón para a criatura **a aceptación da orde e a autoridade do profesorado** (??) e, por outro lado, **a relación con persoas da súa mesma idade** para compartir traballos e colaborar en diferentes tarefas.

Na escola, a criatura enfróntase a un dobre aspecto socializador, por un lado é introducida aos contidos fundamentais das diversas materias ou saberes (matemáticas, educación física, linguas...) e por outro adquire as habilidades de funcionamento social como son **o respecto das normas, o traballo en grupo, a asunción de responsabilidades,** etc.

É interesante mencionar o poder que ten o **CURRÍCULO OCULTO**, que son as aprendizaxes non intencionais, **vividas sen que o profesorado sexa consciente dos seus efectos, e sen que o alumnado perciba a súa transmisión, como son, por exemplo, normas, valores, crenzas, actitudes, prácticas, relacións interpersoais, expectativas, proxectos de vida, arquitectura dos edificios escolares, rutinas, os exemplos, etc.**

Isto supón unha ensinanza inconsciente, involuntaria, non formalizada, ás veces moi sutil pero con gran poder de incidencia.

Os **medios de comunicación de masas** (xornais, revistas, televisión, radio, cine, vídeos, discos compactos, sistemas multimedia, Internet, a superautopista da información) ocupan un papel destacado na formación das novas xeracións e teñen un papel fundamental na sociedade contemporánea, xa que **chegan a moitas persoas**. A súa influencia nas nosas vidas é profunda, pois, ademais de **entretenemento, danos información e axudan a configurar e a moldear a nosa vida.**

Así, a televisión inflúe no comportamento e nas actitudes das persoas. Crean unha "esfera pública", un ámbito para a opinión e o debate público. A televisión cambia a realidade que experimentamos.

Ultimamente foron acadando tanto poder que ben podemos consideralos unha das máis eficaces formas de **control social** pola súa capacidade de influencia na sociedade.

### 3.5.- **A CULTURA: ETNOCENTRISMO, RELATIVISMO**

#### **CULTURAL...-**

As culturas manteñen a súa continuidade mediante o proceso de **endoculturación**, é dicir, o proceso polo que a cultura se transmite dunha xeración a outra, por medio da educación baseada no premio e o castigo, así como doutras formas de aprobación ou desaprobación.

Pero tamén hai forzas contrarias á endoculturación que provocan o **cambio cultural**; entre estas, cóntanse algúns individuos e movementos sociais chamados revolucionarios e tamén o encontro con sociedades e culturas diferentes. Nestas circunstancias dáse o que se chama **difusión cultural**, que é o proceso polo cal se transmiten trazos dunha cultura para a outra.

Este mantemento das pautas de conduta e do pensamento de cada grupo desemboca no **ETNOCENTRISMO**, que consiste en **crer que o noso modo de vida é preferible ao de calquera outra sociedade, as nosas pautas de conduta son sempre**

naturais, boas, fermosas e mellores e, pola contra, os estraños que actúan dun xeito diferente, son considerados salvaxes, inhumanos, repugnantes e irracionais. Isto xera unha intolerancia para as diferenzas culturais e pecha as portas á curiosidade, que é a base dun punto de vista ou actitude aberta cara a outros modelos.

Para o etnocentrismo as outras sociedades están aínda sen desenvolver como a nosa e están máis cerca da vida animal que da civilizada. Por iso, fenómenos como o **imperialismo e o colonialismo** foron presentados como unhas formas de mellorar as condicións de vida daquelas sociedades que non conseguiran alcanzar o grao de cultura considerada civilizada, é dicir, a europea. Esta actitude pode dexenerar ata dar lugar a posicións máis radicais como o **RACISMO E A XENOFOBIA.**




Fronte a estas posicións etnocentristas, moitos antropólogos no século XX situáronse na perspectiva do **RELATIVISMO CULTURAL.** Argumentando que o que está ben e o que está mal, as pautas de valoración, e as pautas de eficacia adaptativa, o que se debe facer para sobrevivir no medio, son propios de cada cultura e forman un sistema que ten coherencia interna. Non se poden establecer comparacións entre os valores e regras de cada cultura para decidir cal é mellor, pois cada cultura ten valor en si mesma.

Esta actitude aposta pola **TOLERANCIA E O DIÁLOGO** entre as diversas crenzas e costumes, pero o risco ou inconveniente desta postura é que pode servir como excusa para a pasividade ou inacción ante actos inxustos ou inhumanos.

Este é o problema do **RELATIVISMO CULTURAL INDISCRIMINADO,** para o que todas as culturas e todas as diferenzas son desexables moralmente. Dende esta perspectiva todas as culturas, prácticas e valores son equivalentes entre si. Parten da idea de que as practicas culturais e os valores dunha cultura non poden ser avaliados moralmente por individuos pertencentes a outras culturas e só poden ser entendidos na súa complexidade social e moral polos seus propios membros; deste xeito, esíxese neutralidade e respecto a todas as prácticas independentemente de como sexan. Pero as prácticas culturais e as formas de vida diferentes son dignas de protección e defensa sempre que non vulneren os dereitos dos individuos.

O **MULTICULTURALISMO E A DIVERSIDADE CULTURAL** deben ter os seus límites nos dereitos humanos e deben avanzar cara á interculturalidade, é dicir,

para a MESTIZAXE, O INTERCAMBIO E A COMUNICACIÓN ENTRE AS CULTURAS.



### ESQUEMA

ETNOCENTRISMO ⇒⇒⇒⇒⇒⇒⇒⇒⇒⇒ NÓS = OS MELLORES. OS OUTROS = INFERIORES. RACISMO. XENOFOBIA.

RELATIVISMO CULTURAL ⇒⇒⇒⇒⇒⇒⇒⇒⇒⇒ CADA CULTURA PODE SER BOA OU MALA DEPENDENDO DO CONTEXTO. TOLERANCIA, DIÁLOGO.

RELATIVISMO CULTURAL INDISCRIMINADO ⇒⇒⇒⇒⇒⇒⇒⇒⇒⇒ TODA CULTURA ESTÁ BEN MORALMENTE. NON SE FAI NADA CONTRA ACTOS INXUSTOS, INHUMANOS...

MULTICULTURALISMO ⇒⇒⇒⇒⇒⇒⇒⇒⇒⇒ MESTIZAXE + DEREITOS HUMANOS.



**S.O.S. RACISMO**

### 3.6.- A GLOBALIZACIÓN.-



Ollando estas imaxes, saca e desenvolve as túas propias conclusións sobre a globalización: Pros e contras; efectos bos ou nocivos; movemento antiglobalización; Globalización = máis ou menos liberdade?; Gobernan as multinacionais, o diñeiro?; O bo e malo das redes sociais; Xustiza e oportunidades para tod@s?, etc.?



## 1.- Qué é a globalización? (Visión “obxectiva”)

A “globalización” é a situación actual da comunidade humana pola que **todo está relacionado no globo planetario**. Dito doutro xeito: calquera proceso económico, político ou cultural que se inicie nunha parte do mundo pode chegar a influír na súa totalidade.

Como todo fenómeno histórico, a globalización non é algo totalmente novo. Por exemplo, todos os grandes imperios da historia tiveron intencións globalizadoras: o **Imperio romano**, o **chino**, o **ruso** e, dende logo, o **español** a raíz da viaxe de Colón e a súa chegada a América en 1492.

Foi globalizadora a **política colonial** que desenvolveu Europa durante o século XIX e que dividiu o mundo en dúas zonas: as metrópoles, encargadas de producir bens industriais, e as colonias, provedoras de alimentos e materias primas.

No século XX o gran feito histórico na globalización crecente da humanidade foi a **Segunda Guerra Mundial**, que fixo de case todo o planeta un xigantesco fronte de guerra. Esta guerra rematou coas **dúas bombas atómicas**, que puxeron de manifesto que **a especie humana podía desaparecer como consecuencia dun conflito bélico**. Deste xeito, A CONCIENCIA DE QUE TODOS ESTAMOS RELACIONADOS SE PROMOVEU DESDE O PERIGO QUE A TODOS NOS ASEXA. O que si é novo na globalización do século XXI e a cantidade de poboación afectada — practicamente toda a do mundo— e a profundidade da interdependencia global que inflúe en todos os aspectos da sociedade: económico político e cultural.

### **1.1. A globalización económica**

A marca das túas zapatillas de deporte é estadounidense, pero están fabricadas en Taiwan. O teu ordenador, en China. O plátano da merenda vén de Chile, e o gas que quenta a auga da túa ducha, de Alxeria. **A economía planetaria esta globalizada**. Esta globalización apóiase en:

① O funcionamento **dun mercado único financeiro mundial**.

Desde 1990 liberalizouse o movemento de capitais, e todas as bolsas do mundo están conectadas entre si. Cada día, miles de millóns de dólares percorren o planeta, grazas a ordes electrónicas de venda, buscando a inversión mais rendible en calquera recuncho do mundo.

② A expansión de **compañías multinacionais**, afincadas en moitos países e que venden os seus produtos en todo o planeta.

③ **As migracións masivas** de traballadores, de Sur a Norte e de Este a Oeste, en busca do traballo que non poden atopar nos seus países de orixe.

④ A existencia **dun sistema mundial de transporte barato**.

⑤ E, por suposto, a economía global so é posible mediante o desenvolvemento de **redes electrónicas de comunicación mundial**, as mesmas que permiten chatear cos amigos de cidades afastadas.

Pero, globalmente, so está liberado por completo o tráfico de capitais, **non o de mercadorías** (sometidas a aranceis, é dicir, ao pago dun tipo de imposto para encarecer a mercadoría estranxeira) **nin o de persoas** (limitado polas lexislacións laborais dos distintos países).

Isto, ten **gravísimas consecuencias para os países mais pobres.**

## **1.2. A globalización política**

A Segunda Guerra Mundial acabou co mundo dividido, fundamentalmente, en **dous bloques que se enfrontaban pola hexemonía mundial: o dos países comunistas, liderado pola Unión Soviética, e o dos países capitalistas, liderado por EE.UU.** Aliados a forza contra o nazismo, ao terminar a guerra, en 1945, enfrontáronse durante décadas para estender os seus respectivos intereses en réximes capitalistas ou comunistas. Esta época coñécese como **Guerra Fría**: un período histórico no que ambas potencias resolvían as súas diferenzas, de modo mais ou menos encuberto, en guerras e conflitos que, como sempre, tiñan lugar nas zonas mais deprimidas do planeta. ( E así segue a ser 🌍 )

Esta etapa concluíu coa **fin do sistema comunista**. Desde entón nos atopamos nun proceso de redefinición e alianzas que inclúe a incorporación á UE de países procedentes do bloque soviético. A isto únese o xurdimento dun fenómeno novo e complexo: **A CONVIVENCIA DO MUNDO MUSULMÁN COS PAÍSES OCCIDENTAIS DE TRADICIÓN CRISTIÁN-LIBERAL.**

ISTO EXPÓN A NECESIDADE DE TENDER PONTES QUE PERMITAN A CONCILIACIÓN DOS VALORES CONSAGRADOS NOS DEREITOS HUMANOS COA LEXITIMA PRÁCTICA DA FE RELIXIOSA.

Este novo reto revela o trazo fundamental **das tarefas políticas da nosa era: son globais**. A AMEAZA DE COLAPSO ECOLÓXICO, o TERRORISMO INTERNACIONAL, a CRISE ECONÓMICA E ENERXÉTICA, os PROCESOS DE DEMOCRATIZACIÓN DALGUNHAS SOCIEDADES e, sobre todo, a POBREZA, son **PROBLEMAS QUE AFECTAN A TODA A POBOACIÓN MUNDIAL** e que están, ademais, interrelacionados: hai que afrontalos todos á vez porque non se poden resolver uns sen resolver os outros.

Estamos inmersos na **COMPLEXIDADE**.

## **1.3. A globalización cultural**

Hai tres trazos que manifestan a globalización cultural:

☉ **A HOMOXENEIZACIÓN PLANETARIA DOS HÁBITOS DE CONSUMO**. Cada vez que entras nunha hamburguesaría, miles de persoas en distintos puntos do planeta están facendo o mesmo: a roupa do dependente, os menús, o local, a informalidade do servizo (sen cubertos e botando o ketchup sobre a bandexa) o regaliño, o tempo que dedicas á comida... son moi parecidos aos teus.

☉ **A DISPOÑIBILIDADE GLOBAL DA INFORMACIÓN**, sobre todo a través da **TELEVISIÓN** e internet: podes saber o que pasa en calquera recuncho do mundo (pensa, por exemplo, nos millóns de persoas que contemplaron en directo o atentado das Torres Xemelgas). O desenvolvemento das **COMUNICACIÓNS VÍA SATÉLITE**, da **TELEFONÍA MÓBIL** e de **INTERNET** facilitou o acceso a unha cantidade xigantesca de información, o que fai da cultura global unha realidade informática. En 2011 os cibernautas xa eran dous mil millóns. (Inclúo os seguintes datos que atopei o día de Nadal de 2012:

## ¿Cuántos usuarios de Internet hay en el mundo y cómo se localizan por regiones?

**El número de internautas se ha multiplicado por ocho en los últimos diez años**, llegando ahora a los 2.000 millones, según los últimos números aportados por la ONU. **Los usuarios de telefonía móvil superan ya los 5.000 millones.**

Los datos más recientes sobre **usuarios de Internet y telefonía móvil** proporcionados por la Unión Internacional de Telecomunicaciones (ITU), señalan que a principios de 2011 se llegó a la cifra de **2.000 millones de internautas** y 5.000 millones de **usuarios de telefonía móvil**. Las cifras apuntan un significativo aumento con respecto a las registradas a principios de 2000, cuando "había sólo 500 millones de usuarios de **teléfonos móviles** en todo el mundo y 250 millones de **usuarios de Internet**", explicó Hamadoun Toure, secretario general de esta agencia de la ONU para asuntos relativos a las TIC.

La entidad destaca también que en 2010 había 157 autoridades reguladoras independientes, frente a las 106 del inicio de la década. Asimismo, apunta que 82 países han adoptado una estrategia nacional de banda ancha y que **en 2015 al menos la mitad de la población mundial tendrá banda ancha móvil.**

WORLD INTERNET USAGE AND POPULATION STATISTICS March 31, 2011						
World Regions	Population (2011 Est.)	Internet Users Dec. 31, 2000	Internet Users Latest Data	Penetration (% Population)	Growth 2000-2011	Users % of Table
<a href="#">Africa</a>	1,037,524,058	4,514,400	118,609,620	11.4 %	2,527.4 %	5.7 %
<a href="#">Asia</a>	3,879,740,877	114,304,000	922,329,554	23.8 %	706.9 %	44.0 %
<a href="#">Europe</a>	816,426,346	106,096,093	476,213,935	58.3 %	353.1 %	22.7 %
<a href="#">Middle East</a>	216,258,843	3,284,800	68,553,666	31.7 %	1,987.0 %	3.3 %
<a href="#">North America</a>	347,394,870	106,096,800	272,066,000	78.3 %	151.7 %	13.0 %
<a href="#">Latin America / Carib.</a>	597,283,165	16,068,919	215,939,400	36.2 %	1,037.4 %	10.3 %
<a href="#">Oceania / Australia</a>	35,426,906	7,620,480	21,293,830	60.1 %	176.4 %	1.0 %
<b>WORLD TOTAL</b>	<b>6,930,055,154</b>	<b>360,985,492</b>	<b>2,095,006,005</b>	<b>30.2 %</b>	<b>480.4 %</b>	<b>100.0 %</b>

NOTES: (1) Internet Usage and World Population Statistics are for March 31, 2011. (2) CLICK on each world region name for detailed regional usage information. (3) Demographic (Population) numbers are based on data from the [US Census Bureau](#). (4) Internet usage information comes from data published by [Nielsen Online](#), by the [International Telecommunications Union](#), by [GfK](#), local Regulators and other reliable sources. (5) For definitions, disclaimer, and navigation help, please refer to the [Site Surfing Guide](#). (6) Information in this site may be cited, giving the due credit to [www.internetworldstats.com](#). Copyright © 2001 - 2011, Miniwatts Marketing Group. All rights reserved worldwide.

\*Fuente: Internet World Stats, <http://www.internetworldstats.com/stats.htm>


\*\*Los datos más recientes sobre usuarios de Internet están actualizados al 31 de marzo de 2011.

Esta tabla se presenta los datos generales relacionados con la penetración de Internet en la población mundial. La primera columna de datos, corresponde a la población de las regiones especificadas al año

de 2011. La segunda corresponde al número de usuarios de Internet reportados al año 2000. La tercera corresponde al número de usuarios de Internet a junio de 2011. La siguiente columna hace referencia al porcentaje de penetración de Internet de acuerdo a la población de cada región. La quinta columna hace referencia al porcentaje de crecimiento de Internet del año 2000 al 2011. Y la última columna hace referencia al porcentaje de usuarios de Internet que tiene cada región con respecto a la totalidad del mundo.

Tomemos por ejemplo a Latinoamérica y el Caribe. La población de esta región a 2011 asciende a 597.2 millones de personas aproximadamente, de las cuales 215.9 millones son usuarios de Internet, lo que equivale a una penetración del 36.2% y que en total, abarca un 10.3% de los usuarios de Internet a nivel mundial.


**Nota:** El número de usuarios de internet es diferente al número de suscriptores: por cada suscripción hay varios usuarios, variando el múltiplo en función del nivel de desarrollo del respectivo país. En naciones de menor ingreso per cápita el múltiplo es mayor, y viceversa. En la siguiente gráfica, puede observar el número de usuarios de Internet por región geográfica:



Source: Internet World Stats - [www.internetworldstats.com/stats.htm](http://www.internetworldstats.com/stats.htm)  
 Estimated Internet users are 2,095,006,005 on March 31, 2011  
 Copyright © 2011, Miniwatts Marketing Group

**Fuente:** Internet World Stats, <http://www.internetworldstats.com/stats.htm>


En esta gráfica puede observar el porcentaje de penetración de Internet por región geográfica:



Source: Internet World Stats - [www.internetworldstats.com/stats.htm](http://www.internetworldstats.com/stats.htm)  
 Penetration Rates are based on a world population of 6,930,055,154  
 and 2,095,006,005 estimated internet users on March 31, 2011.  
 Copyright © 2011, Miniwatts Marketing Group

Fuente: [Internet World Stats, http://www.internetworldstats.com/stats.htm](http://www.internetworldstats.com/stats.htm)


La gráfica a continuación, muestra el porcentaje de usuarios de Internet de acuerdo a la región geográfica donde están ubicados:



Source: Internet World Stats - [www.internetworldstats.com/stats.htm](http://www.internetworldstats.com/stats.htm)  
Basis: 2,095,006,005 Internet users on March 31, 2011  
Copyright © 2011, Miniwatts Marketing Group

## Hay 2,27 mil millones de usuarios en la red

Por Catherine Camacho - Los Tiempos - 17/05/2012



El número de internautas en el mundo en 2012 llegó a 2,27 mil millones; es decir, el doble de lo que era hace cinco años (1,15 millones).

☉ A comunicación mundial esixe unha **LINGUA INTERNACIONAL** na cal todo o mundo poida entenderse: O INGLÉS. O español é a segunda lingua con máis proxección internacional no mundo, o que nos ofrece un inmenso patrimonio lingüístico e cultural.

A MUNDIALIZACIÓN DA CULTURA AUDIOVISUAL ESTENDE POR TODO O PLANETA MODELOS DE COMPORTAMENTO SEMELLANTES. MAIS DETRÁS DISTO, EN REALIDADE, ATÓPASE A ECONOMÍA GLOBAL (Coma sempre 🌐): A PUBLICIDADE, EN TELEVISIÓN E INTERNET, E O NEGOCIO DA INDUSTRIA AUDIOVISUAL MOVEN MILES DE MILLÓNS DE EUROS.

## 2.- Perigos da globalización

A GLOBALIZACIÓN SERÁ BOA SÓ SE PODE PROMOVER O RECOÑECIMENTO, GOCE E DEFENSA DOS DEREITOS HUMANOS 🦋🦋. Esta finalidade atópase ameazada por graves perigos:

🦋 **OS INTERESES DAS MULTINACIONAIS E OS GRUPOS FINANCEIROS QUE NON CONSIDERAN AS REPERCUSIÓNS HUMANAS E ECOLÓXICAS DAS SÚAS ACCIÓNS.** 😞😞😞

🦋 **O ESTALIDO DUN CONFLITO BÉLICO A ESCALA MUNDIAL**, que poida desatarse por causa da loita polos recursos naturais e enerxéticos, ou como consecuencia de choques nacionalistas. 😞😞😞

🦋 **A UNIFORMIZACIÓN CULTURAL, QUE AMEAZA A PLURALIDADE DE CULTURAS, SOBRE TODO AS MAIS DÉBILES.** 😞😞😞

Para afrontar estes riscos son precisas MEDIDAS GLOBAIS:

1.º **O CONTROL POLÍTICO DA ECONOMÍA INTERNACIONAL, QUE HABERÁ QUE SOMETER AOS DEREITOS SOCIAIS E ECOLÓXICOS.**

2.º **O CONTROL POLÍTICO DOS MOVEMENTOS NACIONALISTAS.** É posible que o nacionalismo político caia na tentación de promover políticas xenófobas, ao considerar que a globalización ameaza a identidade da súa cultura nacional. O NACIONALISMO DEMOCRÁTICO NON PODE ANTEPOR A IDENTIDADE NACIONAL AOS DEREITOS HUMANOS. 🌐🌐

3.º **O CONTROL SUPRANACIONAL DOS ESTADOS, DE XEITO QUE A GLOBALIZACIÓN DOS DEREITOS HUMANOS ESTEA GARANTIDA PARA TODA A HUMANIDADE.** Hai que seguir fomentando unha orde mundial que, nos seus aspectos políticos, económicos e culturais estea ao servizo da reconciliación entre a diversidade cultural e relixiosa e o goce global dos dereitos humanos. Haberá que TOMAR MEDIDAS PARA GARANTIR A PROTECCIÓN DA DIVERSIDADE CULTURAL.

Neste sentido, no último medio século, a **ORGANIZACIÓN DE NACIONS UNIDAS (ONU)** desempeñou un papel fundamental. A ONU PRETENDE SER O FORO DE DISCUSIÓN E DE CONTROL DE CONFLITOS INTERNACIONAIS. Para tan complexo labor, dependen dela unha serie de organismos orientados á defensa e promoción dos dereitos humanos e de axuda a

poboacións e rexións en crise: OMS, UNESCO, UNICEF, FAO. Ademais, para coordinar as políticas rexionais, tamén hai organizacións supranacionais: a Unión Europea, a Organización de Estados Americanos, a Liga Árabe, a Unión Africana...

Fronte a este control de organizacións gobernamentais e oficiais, **HAI UN MOVEMENTO CIVIL MUNDIAL QUE ESIXE O SOMETEMENTO DA GLOBALIZACIÓN AO DESENVOLVEMENTO PLANETARIO DO GOZO DOS DEREITOS HUMANOS**: o Foro Social Mundial (FSM), que se reuniu por primeira vez en 2001 na cidade brasileira de Porto Alegre, e están tamén todos os chamados **“MOVEMENTOS OU GRUPOS ANTI-GLOBALIZACIÓN”**



Que é a globalización?

**(Visión “subxectiva” do grupo “lamanoinvisible”, un dos moitos grupos antiglobalización dos anos 90!!)**

(Creo que tentaban arranxar o seu presente e o seu/noso futuro e nós non quixemos escoitar, así que aquí estamos, nun negro pesadelo para tanta xentiña... ☹️☹️☹️ )

Chamamos globalización ao PROCESO POLÍTICO, ECONÓMICO, SOCIAL E ECOLÓXICO QUE ESTÁ TENDO LUGAR ACTUALMENTE A NIVEL PLANETARIO, POLO CAL CADA VEZ EXISTE UNHA MAIOR INTERRELACIÓN ECONÓMICA ENTRE UNS LUGARES E OUTROS, POR AFASTADOS QUE ESTEAN, **BAIXO O CONTROL DAS GRANDES EMPRESAS CAPITALISTAS, AS MULTINACIONAIS.** Isto non vai unido á redución das desigualdades de riqueza e poder internacional, senón que **SÓ AUMENTA O CONSUMO DUNS POUCOS A COSTA DA POBREZA DOUTROS.**



A globalización económica implica que:

1- CADA VEZ MÁIS ÁMBITOS DA VIDA SON REGULADOS POLO "LIBRE MERCADO", COMO A SAÚDE, A EDUCACIÓN, A INFORMACIÓN, ETC.

2- A IDEOLOXÍA NEOLIBERAL (ULTRACAPITALISTA) APLÍCASE EN CASE TODOS OS PAÍSES CON CADA VEZ MÁIS INTENSIDADE.

3- AS GRANDES EMPRESAS CONSEGUEN CADA VEZ MÁIS PODER A COSTA DA CIDADANÍA E OS POBOS.

4- O MEDIO AMBIENTE E O BENESTAR SOCIAL SUBORDÍANSE ABSOLUTAMENTE AOS IMPERATIVOS DO SISTEMA ECONÓMICO, QUE TEN COMO FIN A ACUMULACIÓN DE CAPITAL POR PARTE DUNHA MINORÍA.

A globalización incrementa a desigualdade a todos os niveis e o medio ambiente deteriórase con rapidez, a medida que as multinacionais van tendo máis e máis poder.

Isto preséntase polos grandes medios de comunicación coma un proceso económico inevitable pero non é así. A globalización non é un fenómeno natural. É importante decatarse de que SE TRATA DUN PROCESO POLÍTICO DIRIXIDO POR UNHA MINORÍA A TRAVÉS DE DETERMINADAS INSTITUCIÓNS INTERNACIONAIS, COMO O BANCO MUNDIAL, O FMI E A OMC.

O Banco Mundial ocúpase de financiar grandes proxectos que as grandes empresas necesitan para destruír os mercados locais e espoliar recursos (infraestruturas de transporte de mercadorías, oleodutos...).

FMI son as siglas do Fondo Monetario Internacional, un organismo que impón á maioría dos países pobres as políticas que deben aplicar (obrigándolles a reducir o gasto en saúde e educación, por exemplo).

Por último, a OMC (Organización Mundial de Comercio), teoricamente un organismo encargado de impulsar o comercio, é en realidade algo máis. Non en van foi definida como "a organización política máis importante do mundo".

A OMC é considerada a principal institución do proceso de globalización (ou de xeneralización do "libre comercio"). Coa excusa de liberalizar o comercio, a OMC crea as condicións para que as grandes empresas transnacionais (como Nike, Shell, Sony, Mitsubishi, Elf, Telefónica, British Petroleum, Endesa, Microsoft, General Electric, etc.) poidan dominar a economía mundial ao seu antollo, destruíndo o medio ambiente e perpetuando a pobreza e a miseria, na súa busca de poder e beneficios.

[A que non parece do ano 94!!!, hoxe, a piques de entrar no 2013, semella que o que elas e eles advertían está a ocorrer dun xeito dramático no planeta, e, en concreto, no noso país onde unha crise "fabricada" polos de "arriba" é pagada, coma sempre, polos de "abaixo": paro, emprego precario, recortes ensino, sanidade, copago, "deshaucios", privatización, etc., etc... E quen goberna o mundo?



Non nos di o FMI, a OMC, o Banco Mundial ou Europeo qué políticas debemos aplicar? (Lembrede: ata Decembro de 2012 o principal dirixente italiano era Mario Monti, un tecnócrata "colocado" polos "mercados", non polo pobo italiano!!!)

O Movemento Antiglobalización. (Estas afirmacións son froito do grupo antiglobalización lamanoinvisible tal cal aparecían na súa páxina na rede en 1994!!)



E a democracia?

O proceso de globalización está facendo obvio o que xa moita xente sabía: que NIN NO MUNDO NO SEU CONXUNTO, NIN NOS PAÍSES RICOS PODE FALARSE PROPIAMENTE DE "DEMOCRACIA". ¿Que democracia, cando MOITAS DAS DECISIÓNS QUE NOS AFECTAN SE TOMAN EN DESPACHOS DAS MULTINACIONAIS? ¿QUE DEMOCRACIA, CANDO O "GOBERNO MUNDIAL" DA OMC, NON FOI VOTADO POLA XENTE? ADEMAIS, SEN TRANSPARENCIA NON PODE HABER DEMOCRACIA.

## Consecuencias sociais do capitalismo global

A desigualdade é hoxe maior que nunca. O 80 % da poboación conta con menos do 20% dos ingresos, pero é que ademais, os pobos que manteñan certa calidade de vida sen a penas necesidade de diñeiro (campesiños autosuficientes, indíxenas...) están perdendo os seus modos de vida, expulsados das súas terras por grandes empresas, terratenentes, ou pola "invisible" man do mercado. 800 millóns de persoas pasan fame.

(Insiro esta noticia para que vexades que a cousa non mellorou ☹☹☹):

**INFORME** | Según la FAO

***Casi 870 millones de personas pasan hambre en el mundo***



Acción contra el hambre comprueba el estado de un niño en Mauritania.

Efe | Roma

Un **12,5% de la población mundial**, o lo que es lo mismo, casi 870 millones de personas pasan hambre, según un informe sobre el bienio 2010-2012 difundido en Roma por la Organización de Naciones Unidas para la Agricultura y la Alimentación (FAO).

El estudio, realizado en colaboración con el Programa Mundial de los Alimentos (PMA) y el Fondo Internacional de Desarrollo Agrícola (FIDA), destaca además que una amplia mayoría de esas personas, **cerca de 850 millones, viven en países en vías de desarrollo**.

En 2009 la FAO lanzó la alarma de que el número de hambrientos en el mundo había superado la barrera de los 1.000 millones, mientras que un año después retrocedía hasta los 925 millones.

Sin embargo, advierte de que los mayores progresos se lograron con anterioridad al bienio 2007-2008, tras lo que los avances a la hora de reducir el número de hambrientos se ralentizó y, posteriormente, se estabilizó.

Por tanto, el informe afirma que **es posible lograr cumplir con la meta fijada en los Objetivos de Desarrollo del Milenio (ODM)** que persigue reducir a la mitad el número de personas que pasan hambre para 2015, aunque para ello destaca que habría que adoptar medidas destinadas a invertir la desaceleración de los últimos años.

La FAO señala que el crecimiento económico registrado en las últimas décadas ha aportado logros en la reducción del hambre, aunque resalta que para que ese crecimiento incida en una mejora de la nutrición entre los más necesitados es necesario que los pobres participen tanto en el proceso como en sus beneficios.

En el informe se establece, además, en que para acelerar la reducción del hambre el crecimiento económico debe ir acompañado de medidas públicas incisivas, con políticas y programas que fomenten un entorno favorable a largo plazo de los más desfavorecidos.)

É que non hai terra para cultivar?

Claro que si. Pero o FMI decidiu que existe un mellor destino para as terras cultivables que dar alimento á poboación local: os mercados de exportación. Así, África e Latinoamérica vense obrigadas a se adaptar a un mercado mundial para o que deben producir soia, café, plátanos, flores..., en beneficio duns poucos, ESQUECÉNDOSE DA SUPERVIVENCIA DA XENTE. A POBOACIÓN DESTES PAÍSES PREFERIRÍA SEGUIR PRODUCINDO ALIMENTOS. PERO OBRÍGASELLES A TRANSFORMAR A SÚA ECONOMÍA POR MEDIO DOS PLANES DE AXUSTE ESTRUTURAL.

E os campesiños expulsados das súas terras polo neoliberalismo, a onde van?

A AGRANDAR OS "CINTURÓNS" DE POBREZA DAS GRANDES CIDADES DO SUR. E moitos a ser DURAMENTE EXPLOTADOS EN "ZONAS DE PROCESAMENTO DE EXPORTACIÓN" ONDE TRABALLAN POR SALARIOS DE MISERIA PARA AS MULTINACIONAIS. AS CHAMADAS "MAQUILLADORAS".

Qué podemos facer?

Por que arrasar o noso planeta, destruír as culturas, condenar á maioría á miseria cando as cousas poderían ser moi diferentes? CONSTRUÍR ALTERNATIVAS É UNHA TAREFA INDISPENSABLE. Aínda sen coñecer as complicadas trastendas de

organizacións como a OMC, A XENTE ESTÁ REBELÁNDOSE CONTRA A NOVA VOLTA DE TORCA DO CAPITALISMO EN TODO O MUNDO.

Algúns exemplos:

- indíxenas aos que as multinacionais queren botar das súas terras;
- estudantes e profesores opostos á privatización da educación;
- traballadores opostos a ser flexibilizados (peores soldos, peores horarios, menos dereitos, despido máis fácil...)
- persoas coma ti que non desexan ser bombardeadas porque os amos do mundo se levanten co pé esquerdo e queiran probar as súas novas armas ou obter petróleo máis barato (en países como Iraq, Kosovo, Chechenia, Colombia, Palestina, Siria, Corea...)
- a xente que non quere ser coelliño de indias das empresas que queren probar cos consumidores os seus novos produtos transxénicos...
- E tantos máis.

(Repito: isto é do ano 1994, sen cambiar unha letra!!!)

## Resistencia á globalización

Infinidade de grupos e persoas opóñense ao inxusto réxime global e propoñen e constrúen alternativas. Aquí amosamos algúns exemplos:

- os indíxenas mapuches en Chile e a xente de Narvada (India) contra as grandes presas;
- os estudantes italianos, mexicanos, nicaragüenses... rexeitando o fin da educación pública;
- o pobo portorriqueño, protagonista dunha larga folga xeral contra as privatizacións;
- os zapatistas de México, loitando contra os planes de expansión estadounidense neste país;
- os campesiños que resisten a invasión transxénica en Francia, Suíza, Gran Bretaña, a India;
- a oposición democrática á ditadura petroleira de Nixeria (Shell);
- os activistas pro dereitos humanos en todo o mundo...

E tantos e tantos máis.

UNHA MOREA DE XENTE EN TODO O PLANETA LOITA CONTRA AS DRAMÁTICAS CONSECUENCIAS DA GLOBALIZACIÓN, E CADA VEZ MÁIS FORMÚLANSE O PROBLEMA DESDE A RAÍZ.

SE TI TAMÉN QUERES TRABALLAR NESTE SENTIDO HAI MOITAS COUSAS QUE PODES FACER: DIFUNDIR A INFORMACIÓN, FALAR DISTO COA XENTE PRÓXIMA, APOIAR A GRUPOS QUE ESTÁN XA TRABALLANDO OU CREAR NOVAS INICIATIVAS... O IMPORTANTE É NON CRUZARSE DE BRAZOS.

## Que podo facer eu?

Hai centos de respostas a esta pregunta. Aquí suxerimos algunhas. Son propostas que poden serche útiles para formularte, desde o teu propio punto de vista, qué papel queres ter fronte aos grandes problemas do sistema actual.

ÁÍNDA QUE POIDAS PENSAR QUE NON VAN SERVIR PARA CAMBIAR AS COUSAS (AO FIN E AO CABO É O QUE OS PODEROSOS QUEREN QUE CREAMOS), O CERTO É QUE CADA VEZ MÁIS XENTE TOMA PARTIDO, E SE MOITA XENTE ACTÚA PARA MELLORAR A SOCIEDADE E SUPERAR O ACTUAL SISTEMA, LOGRARÉMOLO.

Menús para o cambio

Ofrecémosche dous "menús para o cambio". No primeiro deles, Cambio sistemático, a túa mente guiará ao teu corpo. Primeiro deberás comprender ben o que está pasando e despois, pouco a pouco, irás vertendo area na maquinaria do Capitalismo Global, nun proceso creativo e liberador.

#### Menú nº1: Cambio sistemático

##### 1. Infórmate.

Usa os [medios de comunicación alternativos](#) (Aconsello [www.rebellion.org](http://www.rebellion.org) –nota do tradutor-). Non aceptes visións simplistas da realidade que te propoñen os "mass-media": contrástaas. EVITAR SER MANIPULADO, DEPENDE DE TI. Ánimo, non é tan difícil.

##### 2. Difunde.

Non aceptes sen máis que a xente que te rodea reciba pasivamente a tendenciosa información oficial. Cóntalles o que sabes e proponlles alternativas. Teñen dereito a coñecerlas.

Unha iniciativa que moita xente está empezando a facer é a seguinte: podes visitar en internet [medios alternativos](#), imprimir artigos interesantes e fáciles de entender sobre o que está pasando, e pegalos en lugares públicos, pasalos aos teus amigos, profesores, etc.

##### 3. Participa.

Firma contra a guerra, acude ás manifestacións, párate a falar con esa xente "rara" que disinte. Cando actúas desta forma, non só aportas un gran de arena ao cambio social, senón que mellorarás como persoa e ampliarás os teus puntos de vista.

##### 4. Involúcrate.

Para parar o actual estado de cousas e mellorar o mundo, é necesario que moita xente dea un paso máis: que te comprometas a actuar non só como participante das iniciativas doutros grupos de persoas. Seguro que tes moi boas ideas e algunha podería ser posta en práctica. Podes participar nun colectivo ou formar un grupo de afinidade cos teus amigos. Accións de difusión, elaboración de pancartas, organización de campañas... son tarefas necesarias para estender as ideas de cambio.

##### 5. Proba as alternativas.

O COMERCIO XUSTO, OS MEDIOS DE COMUNICACIÓN INDEPENDENTES, A AUTOXESTIÓN DA SAÚDE, A [AGRICULTURA BIOLÓXICA](#), O CONSUMO RESPONSABLE, O ASEMBLEARISMO, A CONSULTA SOCIAL EUROPEA, ...SON FORMAS DE IR REALIZANDO XA, DIRECTAMENTE, OS CAMBIOS QUE TANTAS PERSOAS DESEXAMOS CARA A UN MUNDO MÁIS XUSTO.

En cambio, no segundo menú, Liberación cotiá, faise fincapé na túa liberación real, física, e tamén mental, mediante o abandono do condicionamento do Sistema (Televisión, Consumismo, Traballo Compulsivo...

Ti elixes cal che gusta máis. Ou inventa outro sistema, e nolo contas. A CUESTIÓN É DEIXAR DE COLABORAR COA INXUSTIZA Á VEZ QUE A SUFRIMOS.

### Menú nº2: Liberación cotiá

Apaga a tele

A televisión prexudícate a ti e ao planeta. MILLÓNS DE PERSOAS (PROBABLEMENTE TAMÉN TI) SOFREN ADICCIÓN Á TELEVISIÓN. DESDE A TELE TRANSMÍTESE A IDEOLOXÍA OFICIAL, DE FORMA SUBLIMINAL (MODELOS DE CONSUMO E ESTILO DE VIDA, PENSAMENTO ÚNICO, MANIQUEÍSMO, PREOCUPACIÓN POLA "SEGURIDADE", ETC.). Deixala (ou vela con moito sentido crítico – nota do tradutor -) axudarache a recuperar a túa liberdade. Se non podes só (o soa), involucra a máis xente, le algún libro (por exemplo: "Que no te atrape la pantalla", pero hai moitos máis esperándote na túa biblioteca).

Báixate da moto consumista

O consumismo é outra das patas do sistema (e do noso sometemento ao mesmo). Abandonalo danos poder, permítenos elixir qué tipo de vida queremos levar. CADA VEZ QUE FACEMOS ALGO COMO COMPRAR UNHA LATA DE COCACOLA OU IR COMPRAR A UN CENTRO COMERCIAL, ESTAMOS APOIANDO A INXUSTIZA NO NOSO PLANETA. PODES FUXIR DESTA INFORMACIÓN, PERO ISO NON TE FARÁ MENOS CÓMPlice. COMEZA A LIBERARTE HOXE MESMO: SE NECESITAS COMPRAR, VAI A UNHA TENDA PEQUENA.

Traballa menos (doutro xeito – nota do tradutor -)

SE NON NECESITAS LEVAR O RITMO DE CONSUMO QUE NOS IMPOÑEN OS ANUNCIOS, PARA QUE VAS TRABALLAR TANTO? (TAN MAL E TAN A DESGUSTO, TAN SEN SATISFACCIÓN – NOTA DO TRADUTOR -) SÓ TES UNHA VIDA... ¿VAS GASTALA CONSUMINDO E TRABALLANDO SÓ PARA PAGAR AS FACTURAS?

Este listado de ideas que esperamos te sexan útiles, está en construción.

[Xa vedes, seguramente eran uns utópicos, como @s que hoxe seguen saíndo ás rúas pedindo xustiza, liberdade e dignidade. Non sei, persoalmente agardo que algún día os sapiens consigamos un mundo digno de ser chamado "humano"]

Tradución: Manuel Seixas. Decembro 1994 – 25 Decembro 2012

(O tradutor non se fai responsable das opinións-informacións-suxestións vertidas polo/s autor/es do presente texto).

## ACTIVIDADES

### TEXTO

Tuiavii de Tiavea é un xefe samoano (Samoa, na Polinesia) que tivo a posibilidade de coñecer Europa e a súa cultura e peculiaridades. Este texto é un dos discursos que pronunciou ao seu regreso a Samoa. A través das súas palabras coñecemos como un home que aínda está estreitamente ligado á natureza nos ve a nos e a nosa cultura.

Se lemos estas verbas con humildade seremos movidos á reflexión e á autocrítica, pois a súa sabedoría é froito da simplicidade.

Estes textos son un chamamento aos pobos do sur do Pacífico para que corten as súas ataduras coa “xente iluminada do tronco europeo”.

«Escoitádeme con mente aberta, meus máis sensibles irmáns e estade agradecidos de non coñecer os pecados e horrores do home branco. Todos vós sodes as miñas testemuñas de que o misioneiro dixo: "Deus é amor." Un bo cristián ha de manter sempre a imaxe do amor ante os seus ollos.

Esta é a razón, segundo el, pola que o home só reza ao Gran Deus. Irmáns, el mentiuos e estafounos; el foi subornado polos papalagi (home branco estranxeiro para os samoanos) para conducirnos polo mesmo camiño coas palabras do Grande Espírito. Porque eles **adoran o papel basto e o metal redondo**, invocan o diñeiro, como a un Deus.

Cando falas a un europeo sobre o Deus do Amor, sorrí e pon cara divertida. Sorrí pola túa estupidez. Pero logo que lle mostres unha peza de metal redondo e brillante ou unha folla de papel basto, entón os seus ollos ilumínanse e o cuspe empeza a babear polos seus beizos. Diñeiro é o seu único amor, o diñeiro é o seu Deus.

Isto é no que todos os brancos pensan, mesmo cando dormen. A algúns as mans torcéronselles e tomaron a aparencia das patas dunha térmita, como resultado do continuo esforzo por obter o metal e o papel. A algúns os ollos cegáronselles de tanto contar cartos. Hainos que deron a súa alegría a cambio de diñeiro, a súa risa, o seu honor, a súa alma, a súa felicidade; si: mesmo a súa muller e os seus fillos. Case todos eles deron a súa saúde por diñeiro. Lévano con eles nos seus taparrabos, dobrado xunto entre duras peles. Pola noite póñeno baixo o seu envolvedoras, de maneira que ninguén poida levárllelo. Pensan nel noite e día, cada hora, cada minuto. E todo o mundo, ¡todo o mundo!, ¡os nenos tamén! Lévano para a casa. As súas nais ensínanllelo e veno dos seus propios pais. Cando camiñas polas gretas de Siamanis (Alemaña), oes berrar por todas partes, ¡mark! E un momento despois outra vez, ¡mark! En todas partes oes este berro. Este é o nome local para o metal redondo e o papel basto. En Fafali (Francia), chámanlle franc, en Peletania (Inglaterra), xilin, e en Italia, lira. Mark, franc, xilin, lira, todo é o mesmo. Todo significa diñeiro, diñeiro, diñeiro. Diñeiro é o único Deus verdadeiro dos papalagi, polo menos se consideras que Deus é o que máis amas.

E así, na terra dos brancos ocorre que é imposible estar sen diñeiro, nin sequera un instantiño, entre o amencer e o solpor, sen nada de diñeiro! Non poderías satisfacer a túa fame, a túa sede, serías incapaz de encontrar unha esteira para a noite, encerrariante na máis sombría pfui-pfui (cárcere). Encerrariante e difamarían o teu nome nos moitos papeis (periódicos), porque non tes cartos. Tes que pagar, que significa dar cartos, polo chan no que permaneces de pé, polo punto onde queres construír a túa cabana, pola esteira para a noite, pola luz que brilla no interior da túa cabana. Cando queres cazar o pardal, ou queres ir a un sitio onde a xente se divirte, e onde cantan e bailan, ou se lle queres pedir consello ao teu irmán, debes pagar por todo. En todas partes o teu irmán permanece cunha man estendida e ha desprezarte e maldicirá se a deixas sen encher. Un sorriso de escusa ou unha mirada amigable non axudan a abrandar o seu corazón. En vez diso, abrirá a súa boca e berrará: "¡Raposeiro, ósos-lacazáns, mendigo!", que significa todo o mesmo e está considerado como un grave insulto.

Mesmo para nacer tes que pagar, e cando morres, a túa familia debe pagar para obter permiso para depositar o teu corpo na terra pola gran pedra que poñen enriba da túa tumba como recordatorio.

Puiden descubrir unha única cousa pola que non se pide diñeiro e da que todo o mundo pode tomar tanto como queira: o aire para respirar. Pero sospeito que iso escapou sinxelamente á súa atención e non dubido en dicir que, se as miñas palabras puideran ser oídas en Europa, inmediatamente pedirían metal e papel basto por iso tamén. Porque cada europeo sempre está á busca dunha razón para pedir continuamente máis cartos.

Estar en Europa sen cartos é como ser un home sen cabeza, sen membros, un cero. Debes ter cartos. Necesitas cartos como necesitas a comida, beber, durmir. Canto máis diñeiro tes máis fácil a vida é.»

Tuiavii de Tiavea [xefe samoano] (1977), *Los Papalagi*. Discursos reunidos por Erich Sheruman, Barcelona, Ed. Pastanaga, pp. 23-27

- Lectura e debate na aula.
- Relacionade este texto co etnocentrismo e o relativismo cultural.
- Se estiveses "fóra" do noso mundo, como un imaxinario extraterrestre, ¿que chamaría a túa atención do noso xeito de vida? Podes seguir analizando como o fai o xefe samoano.

